

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTEDO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 4 DE FEBREIRO DE 2021 NA FÁBRICA DE SEL DO CONCELLO DE MUROS

PERSOAS ASISTENTES

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

- D. José Vázquez Rama (PP)
- D^a María del Carmen González García (PP)
- D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)
- D^a Caridad González Cerviño (PSOE)
- D^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)
- D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)
- D. Ramón Lago Tajés (PSOE)
- D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)
- D. José Manuel Quintela Fernández, (CxG)
- D. José Antonio Uhía Martínez (CxG)
- D^a María Lago Lestón (BNG)
- D^a Paula Simal Mayo (BNG)

INTERVENTOR:


D. Fernando Vicente Abrales Rois

SECRETARIA XERAL:

D^a María Ofir Aboy García

Na Fábrica de Sel do concello de Muros, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día de referencia, reúnen-se en primeira convocatoria os/as concelleiros/as citados/as anteriormente, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno da corporación, asistidos por min, a secretaria xeral do Concello que certifico.

Comprobada a existencia do quórum necesario, a Sra. alcaldesa declara aberta a sesión, con arranxo á seguinte orde do día:



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ORDE DO DÍA

Primeiro. Ratificación da urxencia e da inclusión de asuntos na orde do día

Intervén a señora alcaldesa da corporación, di que van iniciar a sesión extraordinaria e urxente do pleno da corporación, e que o primeiro punto da orde do día é a ratificación da urxencia e da inclusión do asunto na orde do día. Que como todos e todas saben, a urxencia da convocatoria vén determinada polo prazo de presentación do POS que remata ao día seguinte.

Afirma que houbo que facer varias modificacións no proxecto orixinal da mellora das infraestruturas hidráulicas na Abelleira para adaptalo ás achegas da Deputación. Houbo tamén que facer unha adaptación do proxecto da mellora do parque empresarial e facer de novo todos os demais proxectos, os das rúas de Sahorta de Abaixo e Cruz da Pedra en Louro, do camiño da igrexa na Abelleira, de Tras da Costa en Esteiro, e o de Portugalete. E que entre restricións da mobilidade e unhas cousas e outras, non dou o tempo a máis. A inclusión do punto apoiase nos mesmos motivos.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, que non ten nada que dicir á urxencia.

Intervén polo grupo municipal de CxG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, que di non ten nada que dicir á urxencia.


Intervén polo grupo municipal do BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, que no ten nada que dicir á urxencia.

Intervén a señora alcaldesa, dona Inés Monteagudo Romero, para dicir que pasan a votar a ratificación de urxencia e a inclusión de asuntos na orde do día.

Rematadas as intervencións sobre a ratificación da urxencia e a inclusión de asuntos na orde do día é aprobada por unanimidade do número legal de membros da corporación cos votos a favor do grupo municipal popular (4), grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e grupo municipal do BNG (2)

Segundo. Aprobación da solicitude de participación no Plan Único Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero que procede á lectura da proposta que se eleva ao Pleno da corporación e que foi ditaminada pola comisión informativa correspondente.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2021 aprobado polo pleno da Deputación da Coruña na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e sete de novembro de dous mil vinte e publicado no BOP nº 205 de 1 de decembro de 2020.

Vendo os proxectos de obras que o Concello de Muros vai presentar a Deputación da Coruña para o seu financiamento en base a esta plan, os informes técnicos e as solicitudes de autorizacións das obras

Visto o informe de Intervención en relación aos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021 para a solicitude da axuda do POS+ADICIONAL 2021.

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN

PRIMEIRO


1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pagamento a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pagamento a provedores	27.787,38€	1.573,00€	29.360,38€
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pagamento a provedores	0,00€	0,00€	0,00€
Subtotal pagamento a provedores	27.787,38€	1.573,00€	29.360,38€

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00€
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00€



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

<i>Subtotal gasto corrente</i>	0,00€

C) Financiamento de investimentos:


<i>ACHEGA PROVINCIAL 2021</i>	<i>Financiamento do investimento</i>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICASNA ABELLEIRA. FASE I</i>	230.922,63€	5.439,27€	236.361,90€
<i>Subtotal investimentos achega provincial 2021</i>	230.922,63€	5.439,27€	236.361,90€

<i>ACHEGA PROVINCIAL 2020</i> <i>(Investimentos financeiramente sostibles)</i>	<i>Financiamento do investimento</i>		
<i>Denominación da obra ou subministración</i>	<i>Deputación</i>	<i>Concello</i>	<i>Orzamento total</i>
<i>MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICASNA ABELLEIRA. FASE II</i>	108.565,24 €	2.905,16 €	111.470,40 €
<i>MELLORA DO PAVIMENTO DAS RÚAS SAHORTA DE ABAIXO E CRUZ DA PEDRA, LOURO</i>	33.546,83 €	0,00 €	33.546,83 €
<i>Subtotal investimentos achega provincial 2020</i>	142.112,07€	2.905,16 €	145.017,23 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

<i>Entidade financeira</i>	<i>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda</i>
<i>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</i>	0,00€




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

--	--

E) *Resumo:*

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGAMENTO A PROVEDORES	Achega 2020	29.360,38 €		29.360,38 €
	Achega 2021	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	0,00 €		0,00 €
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00 €		0,00 €
C- INVERSIONES	Achega 2021	230.922,63 €	5.439,27 €	236.361,90 €
	Achega 2020	142.112,07€	2.905,16 €	145.017,23 €
D- REDUCCIÓN DÉBIDA	Préstamo 2021	0,00 €		0,00 €
TOTAL	Achega 2021	230.922,63 €	5.439,27 €	236.361,90 €
	Achega 2020	171.472,45 €	2.905,16 €	174.377,61 €
	Préstamo 2021		0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

		0,00 €		
	TOTAL	402.395,08 €	8.344,43 €	410.739,51 €

2.- Aprobado o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:


Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MELLORA DO CAMIÑO DE VENTOSOS, ABELLEIRA	48.967,66 €
MELLORA DO CAMIÑO DE TRAS DA COSTA, ESTEIRO	72.750,61 €
MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE MUROS. FASE II	73.596,35 €
DERRUBAMENTO DA ESCOLA E CONSTRUCCIÓN DE APARCAMENTO EN PORTUGALETE, MUROS	91.886,38 €
TOTAIS	287.201,00 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente.


SEGUNDO

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	139.953,11 €
---	--------------


(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.	0,00 €	0,00 €	0,00 €




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

<i>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)</i>			
<i>b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.</i>	39,953,11 €	0,00 €	39.953,11 €
<i>c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.</i>	20.000,00 €	0,00 €	20,000,00 €
<i>d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</i> <i>(O importe non pode ser destinado a</i>	0,00 €	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

<i>cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)</i> <i>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</i>			
<i>e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.</i>	20,000,00 €	0,00 €	20,000,00 €
<i>f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.</i>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<i>g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.</i>	35,000,00 €	0,00 €	35,000,00 €
<i>h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e</i>	25,000,00 €	0,00 €	25,000,00 €



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

<i>sexan debidamente xustificadas.</i>			
TOTAL	139.953,11 €	0,00 €	139.953,11 €


2.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente.*"

Continúa a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, dicindo que en canto ao pagamento de provedores, nunha das primeiras propostas non coincide a cifra coa que lles dou na Xunta de Voceiras porque inicialmente incluíranse uns gastos do capítulo cuarto por transferencias correntes que finalmente non poden incluír.

Como investimentos, a proposta que levan é executar o proxecto de saneamento para parte da parroquia de Abelleira. Por un lado, a instalación das tubaxes de saneamento, pozos de rexistro, sumidoiros, pozos de bombeos e impulsión nunha primeira fase, e, a instalación de tubaxe, pozos de rexistro e sumidoiros nunha segunda fase. As dúas fases son finalistas, quere dicir que hai unha conexión na primeira para que quede operativa plenamente, e na segunda fase a impulsión ata Tal. Os prazos de execución de ambos os dous proxectos son de 6 meses e os importes das obras son os que xa lles dixo antes.

A outra obra proposta é a mellora do pavimento da obra Sahorta de Abaixo e Cruz da Pedra. O importe é de 33.546,83 euros, o prazo de execución de 1 mes, inclúen ademais unhas pequenas actuacións na rede de pluviais porque hai que renovar algún pozo alí na rúa da Cruz da Pedra, subir os sumidoiros porque están moi baixos e ocasionan bastante trastorno e afundimento do firme.

Para o plan complementario, as propostas que presentan son a mellora do camiño da igrexa na Abelleira, o de Trasda Costa, as infraestruturas hidráulicas do parque e o derrube da escola de Portugalete coa adecuación do espazo para aparcamento e mellora do pavimento na rúa que pasa polo fronte da mesma. Cre que todas son actuacións moi necesarias, que todos os grupos as solicitaron nalgún momento ou outro, polo cal entende que todos e todas consideran que son obras precisas e que poden cumprir a súa finalidade se o POS complementario se chega a poder executar na súa totalidade.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A proposta do POS adicional, como unha achega extraordinaria que fai a Deputación neste caso para partidas de emerxencia social, gastos de escolarización, etc.


Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, dicindo que queren felicitar á Deputación da Coruña e darlle as grazas por ese apoio e esas achegas que manda ao noso concello e sobre todo que están moi contentos pola parte que lle toca a Servizos Sociais porque neste momento é fundamental, porque saben as carencias que hai, a cantidade de gastos que hai nese sector, e parécelles que estivo moi acertado o presidente da Deputación dobregando eses capítulos de achegas.

Continúa dicindo que con respecto ao POS, a eles gustaríalles un POS máis ambicioso, pero que os números son os que son e hai que decidirse. Que son conscientes da necesidade que hai de arranxar os camiños, porque foi á proposta do partido socialista, fai catro anos que non se lle tocan practicamente a eses camiños e algún deles está intransitable. Dálle as grazas ao grupo de goberno por acoller e despois de mirar o concelleiro de obras o estado dos camiños e ver a gran necesidade que hai, que saben que os números son os que son, e non dan para todo, cre que todos estarían moi contentos de poder acometer todas as obras que están solicitadas, tanto a eles como todos os grupos, pero non pode ser doutra maneira e parécelles ben a proposta do POS que trae o partido popular. Tamén queren dicir, que con respecto á obra de Abelleira, que unha das que máis investimento vai levar, que é unha obra proposta xa fai moito tempo polo partido socialista, e que noutro pleno, a señora alcaldesa recoñeceu que a nosa compañeira de partido fixo de Cicerone axudándolles a ver cales eran as carencias e por onde tiña que ir todo iso. Está claro que se non o vira claro non estaba hoxe no POS, veuse que a carencia da veciñanza da Abelleira nese senso de saneamento e desa obra que era importante e que non podía esperar máis e ese foi o motivo polo que decidiron traelo aquí.

Tamén lles gustaría que todas as parroquias tiveran algunha parte do POS, pero claro, volven ao mesmo, non dá para todo e hai que decidir, e eles están contentos que sexa este POS que se vai aprobar hoxe e que se no complementario hai algunha sobra que hai habitualmente, sexan capaces de facer todos os proxectos que tamén levan no complementario.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que na primeira intervención, as obras que van no POS lles parecen todas necesarias.

Intervén polo grupo municipal BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, para dicir que eles o primeiro que queren puntualizar é que cando tiveron a Xunta de Voceiras onde se lles dou o primeiro traslado sobre as obras que se ían levar, quedouse en convocalas a unha segunda xunta que non tivo



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


lugar. Eles tiñan varias dúbidas sobre os proxectos que se enviaron e querían que se lles respondesen, que teñen dereito a ter dúbidas como todo o mundo, e non a houbo.

En canto ao proxecto de Abelleira, insistiron milleiros de veces chegando a ameazar con votar en contra do POS se non se levaba a cabo, e evidentemente agora van a apoiar porque lles parece tremendamente necesario, di que insistiron nel durante bastantes anos, de feito eles levábano no seu programa.

En canto ao proxecto da escola de Portugaleta, vai facerlle unha pregunta porque imaxina que ela, a alcaldesa, mirou o proxecto como o mirou ela. Na xunta de voceiras ela preguntoulle exactamente cal era a zona que se ía a asfaltar, e preguntoulle ademais insistindo porque lle dixo que era o que faltaba. Preguntoulle se dende o plantío ata o quiosco e que lle dixo ela que si. Ao revisar o proxecto curiosamente a zona que vai dende o plantío ata o río non aparece en asfaltado, hai dende a ponte ata o quiosco. Quedoulles a dúbida de porque esa zona se deixa estar cando podía estar incluído, porque é pouco, como uns cincuenta, cen metros que quedan aí sen asfaltar. Di que son dúbidas que lles gustaría que lles respondese e ao non haber xunta de voceiras, non houbo ocasión. Di que na primeira intervención nada máis.

Intervén polo grupo municipal socialista a súa voceira, dona Caridad González Cerviño, para dicir que eles pouco máis teñen que dicir, que están un pouco contrariados con algún proxecto pero supoñen que haberá tempo para volver a velos e revisalos e se hai que facer algún tipo de arranxo farase. Eles van votar a favor do POS e pide que canto antes, unha vez se aprobe, se execute e non queden aí no caixón como quedaron anos atrás e aínda con mil traballos para poder facelos.

Intervén polo grupo municipal CXG a súa voceira, dona María Xosé Alfonso Torres, para dicir que aínda que non quixera contar con eles para nada, aínda que non tivera en conta as súas propostas, aínda con todo isto van votar a favor, porque é importantísimo empezar co saneamento na Abelleira, e porque todas as obras, como dicía antes lles parecen necesarias; aínda que no caso de que eles as propuxeran as foran a criticar. Iso si, pídenlle que teña en conta as propostas que xa fixeron como por exemplo, as beirarrúas que comunican Tal e Abelleira, polo perigo do que lle falaba das persoas que pasean por aí, nunha zona na que non hai beiravías e non hai iluminación. Dende agora e ata o próximo POS teñen tempo de facer o proxecto. O arranxo do teito do pavillón Xosé Lago, un proxecto que xa está feito no concello e que xa foi nalgún outro plan e non puido ser executado, ou o camiño de Miraflores no que tamén hai un proxecto feito no concello e é para unha obra que facilita o arranxo posterior do actual acceso a Miraflores, un proxecto que a Xunta do PP non quixo financiar no seu momento pero agora que teñen un goberno amigo no concello igual é máis factible.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)


Continúa dicindo que criticaba ela e o seu grupo que o anterior equipo de goberno convocara o Pleno de aprobación do POS a menos de vinte e catro de que rematará o prazo, di que ela e o seu grupo acaban de facer o mesmo, que o prazo acaba mañá ao mediodía, pero non só iso, di que eles tiveron mes e medio máis do que tiveron eles posto que daquela remataba o prazo o 20 de decembro e agora o 5 de febreiro. O feito de realizar o Pleno do POS a piques de rematar o prazo poñía ela e o seu grupo, o PP, o agravante de que fixeran iso e incluso cando a maioría dos proxectos estaban feitos ou ao seu parecer eran moi fáciles de facer, e tamén que aqueles que non estaban feitos que os fixeran persoal alleo ao concello. Di que dos proxectos que lles traen hoxe, ela e o seu grupo, non hai nin un só que non llo encargaran a persoal ou empresas externas ao concello, todos son feitos por persoal externo ao concello. Di que preguntaban ela e o seu grupo, o partido popular, como ían facer fronte á achega municipal se non tiñan aprobado o orzamento, di que da mesma maneira que farán eles agora pois o orzamento case dous anos despois de coller ela o goberno segue sen habelo.

Di que poñían o grito no ceo, ela e o seu grupo e a actual socia do goberno, por non querer pedir o PAI o anterior grupo de goberno. E que agora son eles os que propoñen non pedir o PAI. Alégranse de que no goberno entendan que este é un préstamo e que con el se incrementa a débeda do concello.

Di que lles acusaban a eles de gobernar con improvisación, e di que o día 25 de xaneiro tivo lugar a única xunta de voceiras que houbo para falar deste POS, xunta a que lles trouxo a súa proposta practicamente pechada, que dende aquela á convocatoria do pleno, antonte, xa cambiou algún proxecto, por exemplo, a obra que chama "Memoria das infraestruturas do parque empresarial de Muros. Fase II" a cal non inclúe a conexión do parque empresarial á rede xeral de saneamento; co que este proxecto, en realidade, non ten nada que ver co parque empresarial. Xa lles dirá a que se debe esta improvisación de última hora, porque a consecuencia disto, todos os vertidos do parque empresarial irán indo un ano máis sen depurar ao contorno da praia da Virxe do Camiño.

Di que o POS ten que servir para outras cousas, para afrontar investimentos máis importantes que sería difícil que executara o concello por si mesmo. Formular estes proxectos de entre 50 e 70 mil euros di que é bastante do que é a súa xestión, que non son capaces de facer por si mesmos obras de puro mantemento e teñen que dedicar cartos que deberían ser para afrontar obras de certa envergadura en todas as parroquias do concello. Di que igual lle soan esas palabras, porque iso díxollo ela textualmente a eles nun pleno de aprobación dun POS, concretamente o día 19 de decembro de 2017.

Di que na proposta que lles leva hoxe hai dous proxectos de obras de mantemento de camiños, necesarias, pero de mantemento de camiños. Un por importe de 33.546,83 €, e o outro por importe de



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

48.967,66 €, importes bastante inferiores aos que criticaba ela daquela, obras, que segundo lles dicía ela, ben poderían facer con outros fondos que non foran os do POS. Conclusión, ou eles non o facían tan mal, ou eles o fan igual ou peor.

Intervén polo grupo municipal BNG a súa voceira, dona María Lago Lestón, para dicir que imaxina que non lles vai responder á pregunta que lle fixo na primeiraquenda, que de sabelo xa dicía todo de *carrerilla*. Di que dado que non hai resposta, eles por responsabilidade e lealdade a Muros van aprobar o POS, di que traer a proposta a un día de que se acabe o prazo sen consensualo, sen ter en conta o que achegamos na xunta de voceiras demostra bastante pouca responsabilidade pola súa parte. Di que eles si teñen responsabilidade co concello e que o van cumprir e van aceptar o POS.

Intervén a señora alcaldesa, María Inés Monteagudo Romero, para contestarlle á señora Lago que o asombroso sería que cambiara algunha das súas posturas cando votaron a favor desa obra o ano pasado. Di que saben que a asignación deste ano non dá para máis e as circunstancias que teñen dende logo non son para nada parecidas ás que había. Di que a señora Alfonso non lles pode dar ningún tipo de lección sobre o POS posto que tiveron que executar dende o ano dezasete as obras do POS que estaban sen facer, e fixérono nun ano e medio e a pesar de sufrir unha pandemia, porque parece que eles viven noutro planeta ou noutro mundo.


Rematadas as intervencións, o Pleno da corporación por unanimidade dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular (4) grupo municipal socialista (4), grupo municipal CxG (3) e o grupo municipal do BNG(2) adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021", "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021":

A) Financiamento do pagamento a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pagamento a provedores	27.787,38€	1.573,00€	29.360,38€



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pagamento a provedores	0,00€	0,00€	0,00€
Subtotal pagamento a provedores	27.787,38€	1.573,00€	29.360,38€


B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00€
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00€
Subtotal gasto corrente	0,00€

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICASNA ABELLEIRA. FASE I	230.922,63€	5.439,27€	236.361,90€
Subtotal investimentos achega provincial 2021	230.922,63€	5.439,27€	236.361,90€

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICASNA ABELLEIRA. FASE II	108.565,24 €	2.905,16 €	111.470,40 €
MELLORA DO PAVIMENTO DAS RÚAS SAHORTA DE ABAIXO E CRUZ DA PEDRA,	33.546,83 €	0,00 €	33.546,83 €



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

LOURO			
Subtotal investimentos achega provincial 2020	142.112,07€	2.905,16 €	145.017,23 €


Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00€

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGAMENTO A PROVEDORES	Achega 2020	29.360,38 €		29.360,38 €
	Achega 2021	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	0,00 €		0,00 €
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00 €		0,00 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021	230.922,63 €	5.439,27 €	236.361,90 €
	Achega 2020	142.112,07€	2.905,16 €	145.017,23 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	0,00 €		0,00 €




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

TOTAL	Achega 2021	230.922,63 €	5.439,27 €	236.361,90 €
	Achega 2020	171.472,45 €	2.905,16 €	174.377,61 €
	Préstamo 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	402.395,08 €	8.344,43 €	410.739,51 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MELLORA DO CAMIÑO DE VENTOSOS, ABELLEIRA	48.967,66 €
MELLORA DO CAMIÑO DE TRAS DA COSTA, ESTEIRO	72.750,61 €
MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DO PARQUE EMPRESARIAL DE MUROS. FASE II	73.596,35 €
DERRUBAMENTO DA ESCOLA E CONSTRUCCIÓN DE APARCAMENTO EN PORTUGALETE, MUROS	91.886,38 €
TOTAIS	287.201,00 €



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

- 3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente.


SEGUNDO

- 1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2021" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	139.953,11 €
---	--------------


(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
--------------------------------	--------------------------	---	---




CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

			(Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)	0,00 €	0,00 €	0,00 €
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	39.953,11 €	0,00 €	39.953,11 €
c) Axudas as familias para gastos que	20.000,00 €	0,00 €	20.000,00 €



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS) Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	20,000,00 €	0,00 €	20,000,00 €
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias	35,000,00 €	0,00 €	35,000,00 €



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.			
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	25,000,00 €	0,00 €	25,000,00 €
T O T A L	139.953,11 €	0,00 €	139.953,11 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión deste acordo e o correspondente expediente.

E sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión, cando son as vinte horas e cincuenta e cincominutos, de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria xeral

Documento asinado electronicamente